

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I09J	<i>Expediente</i> CON/1/2016	<i>Fecha</i> 09-02-16 13:30

Número 2 .- Adxudicación do servizo de Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016 á empresa SERUNION S.A.

Destinatario

15078DCMG10I09J1



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 09 de febreiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:


2 .- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PERÍODO ESCOLAR FEBREIRO-2016 A XUÑO-2016 Á EMPRESA SERUNION S.A.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de educación e cidadanía de data 4 de febreiro de 2016, así como do informe con observacións da técnico de Intervención, que conta co conforme da interventora municipal, de 9.2.2016 (nº 2016/37).

A devandita proposta transcríbese de seguido:

"Manuel Dios Diz, concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación da licitación "Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016", conforme aos termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I09J	<i>Expediente</i> CON/1/2016	<i>Fecha</i> 09-02-16 13:30

Primeiro: Con data 1 de febreiro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERUNION SA.

Segundo: Con data 4 de febreiro, o xefe de sección de contratación procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola UTE IN9 EVENTOS S.L. - JOSE FAJARDO S.L, por carecer da solvencia técnica mínima e imprescindible para a xestión dun servizo destas características.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERUNION SA, por un importe de 1'83 euros IVE aparte para o almorzo, 5'13 euros IVE aparte para o xantar e un canon a abonar ó Concello do 0'50 % sobre a súa retribución, ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designar como técnico municipal responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez-Abella, xefe de sección de educación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 32600 22799."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola UTE IN9 EVENTOS S.L. - JOSE FAJARDO S.L, por carecer da solvencia técnica mínima e imprescindible para a xestión dun servizo destas características.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERUNION SA, por un importe de 1'83 euros IVE aparte para o almorzo, 5'13 euros IVE aparte para o xantar e un canon a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I09J	<i>Expediente</i> CON/1/2016	<i>Fecha</i> 09-02-16 13:30

abonar ó Concello do 0'50 % sobre a súa retribución, ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designar como técnico municipal responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez-Abella, xefe de sección de educación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 32600 22799**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesus Duro Fernández

